



Sr. Conselleiro  
Consellería de Medio Rural  
Xunta de Galicia

Serafín González Prieto, con domicilio a efecto de notificacións no apartado 330, 15780 Santiago de Compostela, en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural (S.G.H.N.) na súa cualidade de Presidente,

**EXPÓN:** Que, de acordo coas noticias aparecidas nos medios de comunicación, a Consellería de Medio Rural planea fumigar ata 400 ha de bosques de bidueiros e carballos nos Ancares lugueses afectados por unha plaga de insectos defoliadores que, polo de agora, non ameaza a supervivencia e viabilidade das árbores afectadas.

Que a fumigación cun axente biolóxico de laboratorio de acción inespecífica, ademáis de controlar a plaga de defoliadores, terá efectos perxudiciais sobre as poboacións das demais especies de insectos (inofensivas, beneficiosas ou mesmo protexidas) que xogan un papel indispensable no ecosistema. Os efectos na cadea trófica en plena época de reprodución e crianza da meirande parte das especies de fauna, e nun espacio de sobranceiros valores naturais como os Ancares, son impredecibles.

Por todo elo,

**SOLICITA:** Que a Consellería de Medio Rural desbote o devandito plan para fumigar as fragas dos Ancares e o substitúa por outras medidas específicas para o control das poboacións do insecto responsable da defoliación.

En Santiago de Compostela a 23 de maio de 2007



Sr. Conselleiro  
Consellería de Medio Ambiente  
Xunta de Galicia

Serafín González Prieto, con domicilio a efecto de notificacións no apartado 330, 15780 Santiago de Compostela, en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural (S.G.H.N.) na súa cualidade de Presidente,

**EXPÓN:** Que, de acordo coas noticias aparecidas nos medios de comunicación, a Consellería de Medio Rural planea fumigar ata 400 ha de bosques de bidueiros e carballos nos Ancares lugueses afectados por unha plaga de insectos defoliadores que, polo de agora, non ameaza a supervivencia e viabilidade das árbores afectadas.

Que a fumigación cun axente biolóxico de laboratorio de acción inespecífica, ademáis de controlar a plaga de defoliadores, terá efectos perxudiciais sobre as poboacións das demais especies de insectos (inofensivas, beneficiosas ou mesmo protexidas) que xogan un papel indispensable no ecosistema. Os efectos na cadea trófica en plena época de reprodución e crianza da meirande parte das especies de fauna, e nun espacio de sobranceiros valores naturais como os Ancares, son impredecibles.

Por todo elo,

**SOLICITA:** Que a Consellería de Medio Ambiente adopte as medidas necesarias dentro das súas competencias para que a Xunta de Galicia (Consellería de Medio Rural) desbote o devandito plan para fumigar as fragas dos Ancares e o substitúa por outras medidas específicas para o control das poboacións do insecto responsable da defoliación.

En Santiago de Compostela a 23 de maio de 2007